

Resolución reitoral, do 20 de abril de 2026, pola que se resolve a convocatoria das axudas de mobilidade «Third Places Research» da Universidade da Coruña no marco do proxecto EMERGE

Mediante a resolución reitoral do 27 de febreiro de 2026 establecéronse as bases reguladoras das axudas de mobilidade «Third Places Research» da Universidade da Coruña no marco do proxecto EMERGE e procedeuse á súa convocatoria para o curso 2025/26.

No artigo 8 das bases reguladores establecéronse os criterios de adxudicación de solicitudes e o 10 de abril de 2026 se formula a proposta de resolución para lles conceder as bolsas ás persoas solicitantes seleccionadas, así como denegar as solicitudes que non acreditaron reunir algún requisito dos que se esixían na convocatoria ou desistiron da súa solicitude.

Tras comprobar que todas as persoas adxudicatarias cumpren cos requisitos da convocatoria, e de acordo coa proposta da Comisión de Selección,

RESOLVO

1º Persoas beneficiarias

Publicar a listaxe de concesión provisional das axudas de mobilidade «Third Places Research» da Universidade da Coruña, no marco do proxecto EMERGE, para as candidaturas completas que se presentaron ata o 31 de marzo de 2026 e que figuran no anexo I desta resolución provisional.

2º Aceptación e renuncia da bolsa

1. Tras recibir a notificación de concesión da axuda por correo electrónico, as persoas beneficiarias deberán formalizar a súa aceptación ou renuncia no prazo de cinco días naturais, segundo o artigo 11 da convocatoria.
2. A aceptación ou renuncia formalizarase electronicamente por medio dun correo electrónico a coordination.emerge@udc.gal.

3º Prazo de alegacións e emendas

Contra esta proposta de resolución ábrese un prazo de cinco días hábiles, que comezará a contar ao día seguinte desta publicación, para presentar alegacións ou emendas ás solicitudes a través do Rexistro electrónico da UDC (dirixidas á ORI).

4º Pagamento

1. De acordo co artigo 12 da convocatoria, as persoas beneficiarias recibirán por correo electrónico o convenio financeiro, que deberán asinar antes do inicio da mobilidade.

O reitor

PD (RR 10/07/2024)

O vicerreitor de Investigación e Transferencia

Anexo 1

Listaxe provisional de candidaturas seleccionadas

Solicitud	Solicitante	Centro
202699900001421	Andrea Fernández Sánchez	Facultade de Ciencias da Educación